

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONCELLO DE OURENSE

SERVIZOS XERAIS

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DE OURENSE.

Alcaldía-Presidencia

Anuncio de aprobación definitiva da modificación do Plan de mobilidade urbana sostible de Ourense, para a súa adaptación ao previsto no artigo 14.3.a) da Lei 7/2021, do 20 de maio, do cambio climático e a transición enerxética (expediente núm. 2019030496).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourense, na sesión ordinaria do 3 de xullo de 2025, adoptou o seguinte acordo:

1º) Desestimar as alegacións núm. 1 e 2 ao acordo da Xunta de Goberno, do 19 de maio de 2025, polo que se aprobou inicialmente a modificación do Plan de mobilidade urbana sostible de Ourense, para a súa adaptación ao previsto no artigo 14.3.a) da Lei 7/2021, do 20 de maio, do cambio climático e a transición enerxética, polos motivos expostos no informe do coordinador xeral da Administración Municipal do 30 de xuño de 2025, cuxos criterios asúmense para os efectos de motivación do presente acordo.

2º) Aprobar definitivamente a modificación do Plan de mobilidade urbana sostible de Ourense, consistente na adición, ao dito Plan, dun novo apartado V, denominado “Proposta relativa ás zonas de baixas emisións”, que consta como anexo.

3º) Notifíquese aos interesados, en unión do informe do coordinador xeral que motiva esta Resolución, coa indicación dos recursos legais procedentes.

4º) Ordenar a publicación do presente acordo, en unión do seu anexo, no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ourense.

Anexo: anexo V do Plan de mobilidade sostible, relativo ás zonas de baixas emisións

1. Antecedentes.

As zonas de baixas emisións foron introducidas, con carácter xeral, no noso ordenamento a través da Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, cuxo artigo 14.3.a) estableceu a obriga para os municipios de máis de 50.000 habitantes e os territorios insulares de adoptar, antes de 2023, plans de mobilidade urbana sostible que introduzan medidas de mitigación que permitan reducir as emisións derivadas da mobilidade, incluíndo, cando menos, o establecemento de zonas de baixas emisións antes de 2023. Neste mesmo artigo 14.3 defínese a zona de baixas emisións como o ámbito delimitado por unha administración pública, no exercicio das súas competencias, dentro do seu territorio, de carácter continuo, e no que se aplican restricións de acceso, circulación e estacionamento de vehículos para mellorar a calidade do aire e mitigar as emisións de gases de efecto invernadoiro, conforme coa clasificación dos vehículos polo seu nivel de emisións de acordo co establecido no Regulamento xeral de vehículos vixente.



O Plan de mobilidade urbana sostible do Concello de Ourense, do 28 de novembro de 2019, ao ser anterior á Lei de cambio climático e transición enerxética, non contemplaba expresamente, na súa redacción orixinal, a figura das zonas de baixas emisións. Non obstante, as súas propostas estaban claramente orientadas cara un modelo de mobilidade sostible, baseado no incremento dos espazos de uso ou prioridade peonil, na redución do emprego do vehículo privado, no incremento do transporte público e na introdución de modalidades de transporte alternativas complementarias, menos agresivas dende o punto de vista medioambiental (bicicletas ou vehículos de mobilidade persoal), co que este plan resulta coherente co concepto e finalidade das zonas de baixas emisións.

Tendo en conta o anterior, na presente addenda ao Plan de mobilidade urbana sostible do 28 de novembro de 2019 recóllese, en cumprimento do establecido no artigo 14.3.a) da Lei de cambio climático e transición enerxética, unha proposta xeral relativa á creación de zonas de baixas emisións, nos termos recollidos no apartado seguinte.

2. Proposta sobre zonas de baixas emisións.

A Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, establece no seu artigo 14.3.a) a obrigatoriedade de que os plans de mobilidade urbana sostible prevean o establecemento de zonas de baixas emisións no municipio de Ourense, sen prexuízo de que –conforme se dispón no Real decreto 1052/2022, do 27 de decembro, polo que se regulan as zonas de baixas emisións- a súa delimitación e regulación deba levarse a cabo mediante ordenanza municipal, previa a elaboración e tramitación dun proxecto de zonas de baixas emisións conforme co establecido no artigo 10 do citado Real decreto.

Para tal efecto, na presente addenda ao Plan de mobilidade urbana sostible do Concello de Ourense incorpórase unha proposta xeral de establecemento de zonas de baixas emisións na cidade de Ourense, en dúas fases, nos termos seguintes:

Fase I. Curto prazo: proponse o establecemento en 2025 dunha zona de baixas emisións que abranza o casco histórico e a zona do ensanche ou centro moderno, delimitada polas principais vías de circunvalación perimetral do centro. Esta primeira zona de baixas emisións denominarase “zona de baixas emisións Ourense Centro”, e poderá incluír, ademais do establecemento de restricións ao acceso, circulación e estacionamento dos vehículos máis contaminantes (que é o trazo que define unha ZBE) a ampliación da actual zona peonil do casco histórico ás súas zonas lindeiras.

A proposta de implantación desta primeira zona de baixas emisións parte das propostas iniciais do PMUS, na súa redacción orixinal, no que xa se propuña a creación dunha gran améndoa peonil con control de accesos mediante cámaras con lectura de matrículas e xestión de autorizacións de acceso (líña estratéxica 10.2: Xestión de accesos - Actuación 64: Sistema de control de accesos). Esta actuación ía acompañada doutras medidas de potenciación dos desprazamentos a pé como ampliación de beirarrúas (actuación 16), campañas de corte de tráfico (actuación 17), creación de plataformas únicas (actuación 18) ou xeración de novas zonas peonís na améndoa central (actuación 19). En cuanto ao tráfico rodado, o PMUS inicial propuña que o perímetro da área fose unha rolda de circunvalación arredor da nova améndoa.



Pois ben, partindo destas previsións iniciais do PMUS 2019, na presente addenda propónse que a delimitación da zona de baixas emisións Ourense Centro se realice a partir da delimitación da nova améndoa (delimitada polas rúas Celso Emilio Ferreiro, ao norte, e a rotonda da Mariñamansa, ao sur, polas rúas Progreso e Avenida de Zamora, ao oeste, e polas rúas Emilia Pardo Bazán, Pena Trevinca e Nosa Señora da Saínza, ao leste). A delimitación da ZBE Ourense Centro limitaríase só a unha parte deste amplo espazo peonil previsto no PMUS de 2019, circunscribíndose ao casco histórico e o centro moderno, entre as rúas Habana (norte) e Coruña (sur) e mantendo os lindeiros occidental e oriental previstos no PMUS (é dicir, as rúas Progreso, Pena Trevinca e Emilia Pardo Bazán, respectivamente), constituíndo, por tanto, un primeiro paso cara á pacificación e redución progresiva do tráfico nesta zona, de forma previa á súa eventual e futura conversión nun ámbito peonil. Ademais, e tamén en liña coas previsións do PMUS, propónse modificar a actual Ordenanza municipal de tráfico e circulación, co fin de ampliar a zona peonil – actualmente limitada ao casco histórico – a unha parte do centro moderno da cidade lindeira co casco histórico e na que se teñen realizado recentemente actuacións de humanización das rúas orientadas a esa ampliación da zona peonil.

A delimitación proposta ten en conta a existencia de viarios perimetrais de circunvalación do centro que funcionan como unha sorte de fronteiras naturais deste, doadamente identificables polos usuarios (tanto polos cidadáns de Ourense como especialmente por visitantes) e que ademais permiten aos vehículos que cheguen ao seu perímetro e non estean autorizados a circular pola ZBE continuar circulando sen acceder á área, nin provocar un problema de seguridade viaria, mantendo a necesaria fluidez no tráfico. Neste senso, o PMUS de 2019 xa identificaba estes viarios como distribuidores da área, propoñendo a xeración dunha ronda de circunvalación arredor da nova améndoa central, proposta coa que se alíña a delimitación da ZBE prevista nesta addenda.

O tamaño da ZBE proposta é de 61,5 Ha aproximadamente, cun perímetro de 3,7 km, abranguendo a área na que se emprazan gran parte das dependencias institucionais e administrativas da cidade (Concello, Deputación, Pazo de Xustiza, Axencia Estatal Tributaria, Delegación de Facenda, Catastro, Subdelegación do Goberno, Delegación de Defensa...) así como equipamentos socio-culturais con gran atractivo turístico (como o Centro de Interpretación Arqueolóxico e Termal das Burgas, o Bispado, a catedral...) e o principal eixo comercial e de lecer do municipio (rúas do Paseo, Bedoya, Cardenal Quiroga, Santo Domingo, Parque de San Lázaro e a súa contorna) e centros docentes (Carmelitas, Purísima, Maristas Santa María, IES Ramón Otero Pedrayo). Esta concentración de servizos fai desta área a zona con maior número de desprazamentos peonís do municipio, concentrando o 90% das zonas peonís da cidade.

Nesta área residen 11.726 habitantes (un 11,2% do municipio) cun parque móbil estimado de 7.300 vehículos e, dada a súa oferta de servizos, cunha forte atracción de desprazamentos dende o resto da cidade da zona rural e dende os municipios próximos a Ourense, todo o cal xustifica a súa elección como primeira zona na que se adopten medidas de restrición do tráfico aos vehículos máis contaminantes.

Fase II. Medio prazo: a partir de 2028 –ano no que deberá procederse á revisión do proxecto da ZBE Ourense Centro –estudárase, previa avaliación dos resultados da implantación desta primeira zona, a súa posible ampliación, así como a posibilidade de crear novas zonas de baixas emisións



noutros sectores da cidade nos que existan factores obxectivos –tales como a contaminación da atmosfera, a contaminación acústica ou a intensidade do tráfico viario– que aconsellen o seu establecemento. A referencia temporal para a adopción das eventuais decisións de ampliación da ZBE Ourense Centro ou de creación doutras novas será o exercicio 2030.

O que se fai público, en cumprimento do dito acordo, informando ás persoas interesadas de que contra a aprobación definitiva desta modificación do Plan de mobilidade urbana sostible poderán formular recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Ourense, no prazo dun mes, ou ben acudir directamente á vía xudicial interpoñendo recurso contencioso–administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses. Os prazos indicados contaránse de data a data a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Non poderán interpoñerse de forma simultánea os recursos indicados.

Non obstante o anterior, as persoas interesadas poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Ourense, na data de sinatura electrónica. O alcalde.

Asdo: Gonzalo Pérez Jácome.

R. 1.744

